




OS TEXTOS DIALOGADOS E O USO DA COMA



"Diálogo" (SVG, CC-CCO)



ÍNDICE

Os textos dialogados e o uso da coma

1. Os textos dialogados.....	1
1.1 Textos dialogados orais.....	1
1.2 Textos dialogados escritos.....	1
<i>Exercicios</i>	4
2. O uso da coma.....	5
<i>Exercicios</i>	7
SOLUCIÓN.....	8

1. Os textos dialogados

O **diálogo** é un texto no que **interveñen alternativamente varias persoas** para expresar as súas ideas ou opinións. Se te fixas, o diálogo está presente en moitas situacións da túa vida cotiá, tanto oralmente como por escrito.

1.1 Textos dialogados orais

Nunha **interacción oral** as persoas interlocutoras reaccionan de inmediato ao que di a outra persoa. Ademais do uso da palabra, na oralidade **cobran protagonismo os xestos, o ton de voz, a mirada e, en definitiva, a linguaxe corporal**. Se te fixas, bótase man do diálogo en situacións cotiás do día a día como as conversas entre amizades, entre compañeiras e compañeiros de traballo, entre persoa vendedora e persoa cliente, nunha consulta médica etc.

Por outra banda, o diálogo tamén está presente en intervencións orais máis formais como unha entrevista de traballo, un interrogatorio entre unha avogada e unha testemuña, unha reunión de traballo etc.

1.2 Textos dialogados escritos

Os textos dialogados tamén poden figurar por escrito, por exemplo nun texto teatral, no interior dun conto ou dunha novela, nunha entrevista escrita etc.

Ademais, tamén son diálogos as mensaxes de móbil, os correos electrónicos, os chats ou os tuits, que tanto están de moda na actualidade. Seguramente, neste tipo de textos dialogados botas man de emoticonas, que axudan a transmitir o que sentes, humanizando así a mensaxe. A seguir, podes ler fragmentos de diálogos presentes na literatura, así como tamén unha conversa espontánea a través dun *chat*:

- Diálogo entre dúas personaxes na obra narrativa *O corazón de Xúpiter* de Leticia Costas. Fíxate en que cada intervención está precedida por un guión:

- Fuches ti! Serás...
 - Veña, non sexas aburrida! -dixo Mar-. O rapaz tolea por ti. Véselle ás leguas. Ademais, non está nada mal. Deberías estar contenta!
 - Non, non está mal -admitiu-. Pero eu agora mesmo teño a Xúpiter na cabeza e non podo pensar en ninguén máis.
 - Pero outra vez co Xúpiter ese? -burlouse Mar poñendo os ollos en branco-. Tía, deixa de facer o parvo. Veña. Xa sabes o que vas levar mañá á festa?

- Diálogo na peza teatral *Os vellos non deben de namorarse*, da autoría de Castelao. Neste fragmento percíbese que **o diálogo é o principal elemento do texto teatral**. Se te fixas, o habitual é que figure o **nome dos personaxes antes de cada intervención**.

LELA: Eu non sei que me dá este home..., porque xa hai moito tempo que debía estar na casa.

O BOTICARIO: Pois calquera día douche un feitizo de namorar e vólvote toliña. Como me chamo Saturio que o fago!

LELA: Iso sería unha traidoría...!

O BOTICARIO: Así Deus me salve como che reviro o sentido cun bebedizo!

LELA: Con non tomar xaropes desta botica...!

O BOTICARIO: Tamén che podo dar pos seguidores, ou píldoras de malicia, que son máis ardentes.

LELA: Vaites, vaites con Don Saturio, que quere chegar polo atallo...! E entón, vostede xa non atopa maneira de namorar polas boas...?

- Diálogo nunha **composición poética**, en concreto, da literatura medieval galego-portuguesa. Nela, unha nai e unha filla falan sobre o moito que tardou a moza en ir por auga. A moza dille que tivo que esperar a que se puxese clara a auga que ensuciara o cervo. Non obstante, a nai intúe que a filla tivo un encontro co seu namorado. Se prestas atención, verás que **as intervencións das dúas personaxes están precedidas por un guión**.

-Digades, filha, mia filha velida:
porque tardastes na fontana fría?

-Os amores ei.

-Digades, filha, mia filha louçana:
porque tardaste na fría fontana?

-Os amores ei.

-Tardei, mia madre, na fontana fría,
cervos do monte a auga volvían.

Os amores ei.

-Tardei, mia madre, na fría fontana:
cervos do monte volvían a auga.


Os amores ei.

-Mentir, mia filha, mentir por amigo:
Nunca vi cervo que volvess' o rio.

-Os amores ei.

-Mentir, mia filha, mentir por amado:
Nunca vi cervo que volvess'ó alto.
-Os amores ei.

- Diálogo a través dun **chat**, nel percíbense elementos habituais deste tipo de interacción como son a **cor que resalta a alternancia das persoas participantes na conversa** e o **uso de emoticonas**.



"Elaboración propia baseada en recursos con licenza de uso"

EXERCICIOS**Exercicio 1**

Indica se as seguintes situacións de diálogo son **orais ou escritas**: *consulta médica, correo electrónico, representación teatral, chat escolar, texto teatral, entrevista de traballo, chat coas amizades, reunión pais e profesorado, diálogo entre personaxes nun conto, conversa por videochamada.*

Diálogo oral	Diálogo escrito

Exercicio 2

Le o seguinte fragmento d'*O achado do Castro* de Manuel Núñez Sinala e **indica** quen intervén no diálogo. Ademais, **explica** como sabes que personaxe intervén.

Manolitus: Xa hai tempo que sinto algo dentro do que non me atrevo a falarche.

Carmiñae: Xa che dixen que non foses vergoñoso.

Manolitus: É algo moi forte que me nace nas entrañas e que quere saír, que loita por saír.

Carmiñae: Dío sen medo.

Manolitus: Pero é que...

Carmiñae: Dimo!

Manolitus: Quero facer pis, me cago en Afrodita!

Carmiñae: Pois xa o farás; agora escoita que eu tamén teño...

Manolitus: (Interrompendo) Ganas de mexar?

Carmiñae: Non, teño algo que dicirche: estiven falando co meu pai do noso amor.

Manolitus: Por fin llo dixeches, e que che contestou?

Carmiñae: (Lapidaria) Palabrotas.

2. O uso da coma

A coma (,) é un **signo de puntuación** que indica unha **pausa breve** dentro dun enunciado. Esta é un chisco máis breve ca a pausa que fas cando colocas un punto. A continuación, vas ver algúns contextos nos que se emprega este signo.

- **Enumeración:** debes colocar unha coma para separar, dentro dun enunciado, as palabras da mesma clase que forman unha serie. Antes da última palabra non se pon coma, senón que debes poñer "e".

- *Merquei pantalóns, camisetas, xerseis, camisas e chaquetas.*

Colócase a coma despois de cada membro dunha enumeración. En cambio, se te fixas, entre os dous últimos membros colócase un "e" no canto da coma.

- **Aclaración:** tes que poñer coma antes e despois dunha aclaración.

- *Santiago de Compostela, a capital de Galicia, é unha cidade moi fermosa.*

"A capital de Galicia" achega unha información aclaratoria con respecto a "Santiago de Compostela". Nestes casos, debes poñer a coma antes e despois desa aclaración.

- **Vocativo:** cando nomeas a alguén coa finalidade de captar a súa atención, debes poñer unha coma antes ou despois do nome desa persoa.

- *Breixo, permanece en silencio.*

- *Estou moi orgullosa de ti, Maruxa.*

No primeiro exemplo chámase a atención de Breixo para influenciar o seu comportamento, mentres que no segundo exemplo a atención diríxese positivamente sobre Maruxa. En ambos os dous casos débese poñer a coma.

- **Verbo omitido:** en ocasións, non usas un verbo porque se sobreentende polo contexto. Deste xeito, no lugar no que iría o verbo, debes poñer unha coma.

- *Ela come carne e el, peixe.*

Ela come carne e el come peixe. No canto de poñer o segundo verbo, que se sobreentende polo contexto, ponse unha coma.

- **Separar lugar e data:** cando escribes a lugar e a data, debes poñer unha coma entre as dúas informacións.

- *Lisboa, 25 de abril de 1974.*

No exemplo podes percibir que despois do lugar "Lisboa" se coloca unha coma para separar esta información da data "25 de abril de 1974".

- **Separar o día e a data:** no caso de escribir o día da semana e a continuación a data, tes que poñer tamén unha coma entre ambas as dúas informacións.

- *Xoves, 25 de abril de 1974.*

Neste exemplo podes ver como se coloca a coma entre o día "xoves" e a data "25 de abril de 1974".

- **Separar o nome dunha rúa, o número e o piso:** cando escribes a túa dirección, debes colocar unha coma entre os distintos datos.

- *Rúa Maior, 4, 3ºA.*

Neste caso, entre o nome da rúa "Rúa Maior" e o número do edificio "4" ponse unha coma. Do mesmo xeito, entre o número do edificio "4" e o piso "3º A" ponse outra coma.

- **Despois de etcétera ou puntos suspensivos:** debes colocar unha coma despois de etcétera (etc.) ou de puntos suspensivos (...) sempre e cando o enunciado continúe.

- *Compramos pantalóns, camisetas, chaquetas..., porque estabamos sen roupa.*

Despois dos puntos suspensivos, como o enunciado continúa, débese colocar unha coma.

- *Compramos pantalóns, camisetas, chaquetas etc., porque estabamos sen roupa.*

Despois de etcétera, como o enunciado continúa, cómpre poñer unha coma.

- **Antes de "pero", "aínda que", "xa que", "así que" ou "posto que".**

- *Encontreime mal, así que non fun ao traballo.*

Como aparece "así que", hai que poñer unha coma antes.

- **Antes e despois de "é dicir", "por exemplo", "non obstante", ou "por conseguinte".**

- *Estudou moitas horas, non obstante, non aprobou.*

Como aparece "non obstante", colócase coma antes e despois.



EXERCICIOS

Exercicio 3

Coloca a coma nos seguintes enunciados cando sexa necesario:

- Asistiu todo o instituto: alumnado profesorado persoal non docente e familias.
- María a miña bisavoa paterna tiña o pelo rizo.
- Presta atención Xurxo.
- A uns gústalles xogar e a outros ler.
- Pamplona 7 de xullo de 1385.
- Domingo 17 de maio de 1863.
- Rúa Rosalía de Castro 93 4ºD.
- Cando estiven no hospital lin novelas, cómics... moito me aburría!
- Suspendeu Matemáticas, Bioloxía, Física e Química etc. está claro que este non é o seu ano.
- Tiñamos pensado ir pero non nos foi posible por razóns laborais.
- Oxalá tivesen algún detalle contigo por exemplo un ramo de flores.

Exercicio 4

Xustifica a presenza da coma nos seguintes enunciados. Fíxate no primeiro exemplo.

- Pagueille o chándal, o balón, a gorra e o chaveiro. **Enumeración.**
- Non é a primeira vez que molesta, é dicir, faino sempre.
- Para petiscar imos poñer xamón, chourizo, empanada e tortilla.
- Xoán frega a cociña e a parella, o baño.
- Mércores, 12 de decembro de 2012.
- Lin, vin unha serie, fun ao cine, escoitei música etc., as vacacións sentan xenial.
- En Matemáticas, a miña materia favorita, saquei un sobresaliente.
- Nevou, así que esta fin de semana imos ir esquiar.
- Convidei a Xulia, Iria, Paula, Antía..., todas me caen moi ben.
- En hora boa, Anxo.
- Avenida Eduardo Pondal, 103, 2ºF.



SOLUCIÓNS

Exercicio 1

Indica se as seguintes situacións de diálogo son **orais ou escritas**: *consulta médica, correo electrónico, representación teatral, chat escolar, texto teatral, entrevista de traballo, chat coas amizades, reunión familias e profesorado, diálogo entre personaxes nun conto, conversa por videochamada.*

Diálogo oral	Diálogo escrito
Consulta médica, representación teatral, entrevista de traballo, reunión familias e profesorado, conversa por videochamada.	Correo electrónico, <i>chat</i> escolar, texto teatral, chat coas amizades, diálogo entre personaxes dun conto.

Exercicio 2

Le o seguinte fragmento d' *O achado do Castro* de Manuel Núñez Singala e **indica** quen intervén no diálogo. Ademais, **explica** como sabes que personaxe intervén.

Interveñen Carmiñae e Manolitus. Sabemos cando fala cada un porque antes de cada intervención figura o nome do personaxe.

Exercicio 3

Coloca a coma nos seguintes enunciados cando sexa necesario:

- Asistiu todo o instituto: alumnado, profesorado, persoal non docente e familias.
- María, a miña bisavoa paterna, tiña o pelo rizo.
- Presta atención, Xurxo.
- A uns gústalles xogar e a outros, ler.
- Pamplona, 7 de xullo de 1385.
- Domingo, 17 de maio de 1863.
- Rúa Rosalía de Castro, 93, 4ºD.
- Cando estiven no hospital lin novelas, cómics..., moito me aburría!
- Suspendeu Matemáticas, Bioloxía, Física e Química etc., está claro que este non é o seu ano.
- Tiñamos pensado ir, pero non nos foi posible por razóns laborais.



- Oxalá tivesen algún detalle contigo, por exemplo, un ramo de flores.

Exercicio 4

Xustifica a presenza da coma nos seguintes enunciados. Fíxate no primeiro exemplo.

- Pagueille o chándal, o balón, a gorra e o chaveiro. **Enumeración.**
- Non é a primeira vez que molesta, é dicir, faino sempre. **"É dicir" leva coma antes e despois.**
- Para petiscar imos poñer xamón, chourizo, empanada e tortilla. **Enumeración.**
- Xoán frega a cociña e a parella, o baño. **Verbo omitido.**
- Mércores, 12 de decembro de 2012. **Separa o día da semana da data.**
- Lin, vin unha serie, fun ao cine, escoitei música etc. As vacacións sentan xenial. **Enumeración.**
- En Matemáticas, a miña materia favorita, saquei un sobresaliente. **Aclaración.**
- Nevou, así que esta fin de semana imos ir esquiar. **Antes de "así que".**
- Convidei a Xulia, Iria, Paula, Antía..., todas me caen moi ben. **Despois de puntos suspensivos porque o enunciado continúa.**
- En hora boa, Anxo. **Vocativo.**
- Avenida Eduardo Pondal, 103, 2ºF. **Separar elementos da dirección.**